

X Xornadas de Conservación e Estudo do Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia


Divulgación dos traballos de conservación e protección sobre o patrimonio natural do PNMTIAG

23 e 24 de marzo de 2026

Parque Nacional das Illas Atlánticas, Rúa Oliva 3, 36202 Vigo

Inscripcións:

<https://rb.gy/clzxxn>



Máis información: iatlanticas@xunta.gal / 886 218 090

A declaración dun Parque Nacional responde á necesidade de preservar os seus valores naturais e culturais, promovendo á vez a investigación e a difusión do coñecemento. No caso do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, este obxectivo reflíctese nun esforzo continuo de conservación e estudo dos seus ecosistemas e do seu patrimonio. Este traballo debe ir acompañado dunha estratexia eficaz de divulgación, garantindo que os resultados das investigacións cheguen tanto aos profesionais e afeccionados ao medio ambiente como á sociedade en xeral. Nesta décima edición das xornadas, promovidas pola Dirección Xeral de Patrimonio Natural a través do Parque Nacional, presentaranse os avances máis recentes en materia de conservación e investigación, reforzando o compromiso coa protección deste espazo.

PROGRAMA DAS XORNADAS

Luns, 23 de marzo

10:30 Recepción e entrega da documentación.

11:00 Presentación das Xornadas. *Representante da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático*

11:20 Os desprazamentos das gaivotas patiamarelas nidificantes no PN das Illas Atlánticas. *Ignacio Munilla, TRAGSA*

11:40 Estación de anelamento de esforzo constante para o seguimento da migración postnupcial de passeriformes na illa de Ons. *Isabel Roa, Grupo Ibérico de Anillamiento*

12:00 O bolo: dinámica de poboacións e distribución espacial dunha especie chave na rede trófica do PN das Illas Atlánticas. *Xosé Manuel Parada, Biólogo*

12:20 Telemetría acústica e ecoloxía espacial de peixes costeiros e elasmobranquios: seguimento para a conservación nunha área mariña protexida. *Alexandre Alonso, Instituto de Investigacións Mariñas, IIM-CSIC*

12:40 *Descanso – Café*

13:10 Vixilancia do clima insular: a rede de estacións de MeteoGalicia como ferramenta para o seguimento a longo prazo do cambio climático no Parque Nacional. *Santiago Salsón, MeteoGalicia*

13:30 A orixe xenética dos coellos das Illas Atlánticas. *Vicente Piorno, PN das Illas Atlánticas*

13:50 Detección e resposta rápida ante incursións de visón americano: integración do fototrampeo na xestión de invasións biolóxicas no Parque Nacional. *Xosé Pardavila, SOREX*

14:10 Seguimento e estado das poboacións de rata negra (*Rattus rattus*) e rata parda (*Rattus norvegicus*) no PNMTIAG. *Asier Rodríguez, ENEBADA*

14:30 *Pausa para comida*

16:00 Propagación en laboratorio e reintrodución no medio de *Laminaria*. *Rodolfo Barreiro, Universidade da Coruña*

16:20 Proxecto CABALGA no Parque Nacional das Illas Atlánticas: recuperación de comunidades de gorgonias en Sálvora mediante colaboración entre ciencia, pesca artesanal e sector social. *AMICOS e José Antonio Fernández Bouzas, PN das Illas Atlánticas*

16:40 Expansión de *Rugulopteryx okamurae* nas Rías Baixas: detección, seguimento e avaliación do risco para os ecosistemas sublitorais do Parque Nacional. *Pilar Díaz, CRETUS, Universidade de Santiago de Compostela*

17:00 ATLANTILUS: vídeo autónomo e sensorización intelixente para a monitorización remota de fauna, flora e parámetros ambientais no Parque Nacional das Illas Atlánticas. *Xurxo Cegarra, INSATI*

Martes, 24 de marzo

9:30 Diversidade líquénica no litoral das Illas Atlánticas: presentación da guía de identificación de líquenes costeiros do Parque Nacional. *Equipo técnico, PN das Illas Atlánticas*

9:50 Producción en viveiro de *Corema album* con material vexetal do Parque Nacional: produción de planta para a restauración de ecosistemas dunares nas Illas Atlánticas. *Pedro Pablo Gallego, Universidade de Vigo*

10:10 A saúde das árbores das Illas Atlánticas: resultados a longo prazo da Rede de Seguimento Fitosanitario no Parque Nacional. *Raquel Blanco, OAPN*

10:30 Proxecto LIFE GLOBAL no Parque Nacional das Illas Atlánticas: estratexia transnacional para a restauración de hábitats de alto valor en áreas Rede Natura 2000 fronte ao cambio global. *Pablo Ramil Rego, IBADER*

11:00 *Descanso – Café*

11:30 LIFE INSULAR: situación actual e futuro. *Equipo técnico, PN das Illas Atlánticas*

11:50 Arqueoloxía nas Hortas: os antigos poboadores das Cíes. *Patricia Valle e Nerea Ruanova, Universidade de Vigo*

12:10 Sálvora, memoria dun naufraxio: a traxedia do Santa Isabel. *Xosé María Fernández Pazos, Historiador*